

**INFORME DE AUDITORÍA DO SECTOR PÚBLICO**  
**DAS CONTAS DA AXENCIA EN COÑECIMENTO**  
**EN SAUDE CORRESPONDENTES A 2.016**

**I. INTRODUCCIÓN**

Auditores Asociados AAGC, S.A.P auditou ou as contas anuais da ACIS que comprenden, o balance de situación a 31 de decembro de 2016, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do presuposto e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data.

A Directora da ACIS é responsábel da formulación das contas anuais da entidade de acordo co marco de información financeira que se detalla na nota IV.1 da memoria adxunta e en particular de acordo cos principios e criterios contables, así mesmo, é responsábel do control interno que considere necesario para permitir que a preparación das citadas contas anuais estean libres de incorrección material. As contas anuais ás que se refire o presente informe foron formuladas pola Directora da ACIS o 30 de marzo de 2.017, de conformidade co Plan Xeral de Contabilidade Publica de Galicia, e foron postas a disposición de Auditores Asociados AAGC, S.A.P o 15 de Xuño de 2.017.

**II. OBXECTIVO E ALCANCE DO TRABALLO: RESPONSABILIDADE DOS AUDITORES**

A nosa responsabilidade é emitir unha opinión sobre se as contas anuais adxuntas expresan a imaxe fiel, baseada no traballo realizado de acordo coas Normas de Auditoría do Sector Público. As devanditas normas esixen que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable, aínda que non absoluta, de que as contas anuais están libres de incorrección material.



Unha auditoría leva consigo a aplicación de procedementos para obter evidencia axeitada e suficiente sobre os importes e a información recollida nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais. Ao efectuar as devanditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a preparación e presentación razoable por parte do xestor das contas anuais, co obxectivo de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación dos criterios contables e da razoabilidade das estimacións contables realizadas polo xestor, así como a avaliación da presentación global das contas anuais.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para emitir a nosa opinión de auditoría.

### III. OPINIÓN

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da ACIS a 31 de decembro de 2016, así como dos seus resultados e do estado de liquidación do presuposto correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular cos principios e criterios contables e presupostarios contidos neste.

20 de Xuño de 2.017

**AUDITORES ASOCIADOS AAGC, S.A.P.**

**Miembro nº S 293 del ROAC**



f/ Francisco Loimil Garrido  
Socio – Auditor de Cuentas.